

zo de dous meses desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación desta resolución ante esta delegación provincial, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 19 de febreiro de 2008. Pedro Borrajo Rivas, delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes atópanse no Servizo de Relacións Laborais da Delegación Provincial da Consellería de Traballo en Vigo.

Vigo, 13 de maio de 2008.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra

EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

Anuncio do 11 de xuño de 2008 para a contratación, por procedemento público aberto, de varias subministracións.

Por acordo do Consello de Administración da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. convócanse os procedementos públicos abertos, para as seguintes contratacións:

1. Obxecto do contrato: ref. PAC/07/08 subministración de vehículos todo terreo de cinco prazas, en réxime de aluguer.

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 203.580 euros.

2. Obxecto do contrato: ref. PAC/09/08 subministración de vehículos todo terreo tipo pick-up, equipados con grupo motobomba, en réxime de aluguer.

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 205.785 euros.

3. Obxecto do contrato: ref. PAC/10/08 subministración de vehículos todo terreo con dobre cabina, en réxime de aluguer.

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 202.725 euros.

4. Obxecto do contrato: ref. PAC/11/08 subministración de vehículos todo terreo con capacidade para sete prazas, en réxime de aluguer.

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 176.490 euros.

5. Obxecto do contrato: ref. PAC/12/08 subministración de vehículos todo terreo tipo pick-up, con caixa pechada na parte posterior, en réxime de aluguer.

Orzamento base de licitación (IVE excluído): 202.950 euros.

Prazo de presentación de ofertas: as proposicións para poder tomar parte nos procedementos de referencia presentaranse no enderezo de Seaga, sito no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, CP 15703 Santiago de Compostela, ou envialas por correo antes das 18.00 horas do 24 de xuño de 2008.

Os pregos de condicións e prescricións técnicas de cada un dos procedementos están a disposición dos interesados no enderezo de Seaga, así como na páxina web www.epseaga.com. Así mesmo, poderán ser solicitados por correo electrónico ao enderezo info@epseaga.com ou ao teléfono 981 54 61 27.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2008.

Xan Bautista Cambón Rodríguez
Director xerente da Empresa Pública de Servizos
Agrarios Galegos, S.A.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 8 de maio de 2008 pola que se fai pública a adxudicación do concurso público aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica para o edificio do Instituto Galego de Promoción Económica en Santiago de Compostela (C.P. 13/07).

En cumprimento do disposto no artigo 93 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, faise pública a adxudicación do seguinte contrato de subministración:

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección de Servizos Xurídicos.

c) Número de expediente: C.P. 13/07.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: subministración de enerxía eléctrica para o edificio do Igape en Santiago de Compostela.

c) División por lotes e número: non procede.